

Na canella infinita

LITERARIA
RONSEL

1ª edición, 1ª impresión, 2024

© Juan Parcero, 2024

© Editorial Galaxia, S. A., 2024
Avenida de Madrid, 44, baixo, 36204, Vigo
www.editorialgalaxia.gal

ISBN: 978-84-1176-181-9
Depósito legal: VG 27-2024

FOTOGRAFÍA DO AUTOR
Raquel de Ana

IMAXE DA CUBERTA
Unplash (@feeypflanzen)

DESEÑO DA CUBERTA
Hayat Husein

MAQUETACIÓN
Pablo Gutiérrez

O papel utilizado neste exemplar é reciclable,
libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sustentable.

Na canella infinita

Juan Parcerro



*Ao meu fillo Anxo, por seguir sendo o meu
faro, o meu leme, a miña praia.*

*Para as flores do universo, as que poñen luz
na existencia.*

And all the children are insane
All the children are insane
Waiting for the summer rain.

THE DOORS, "The End"

1

A longa ceavoga

RODRIGO PORTELA

Naquel garaxe sempre ía fresco. Ao estar baixo terra, dous pisos por debaixo da superficie fervente do asfalto da rúa, a temperatura mantíñase todo o ano estable. Gustaba de ficar alí nas tardes de canícula atlántica, húmida e calorosa. Sentaba sobre os nocellos e apoiaba as costas na parede de cal, sentindo como o frío lle entra-ba polas omoplatas, pasáballe aos brazos e comezáballe a tocar o pelo. Cando notaba ese instante, agarraba un Ducados, prendíao e daba unha longa calada que case consumía o pito, envolvéndolle a cara cun fume fedorento e cálido, que o quentaba e cegaba a un tempo. Todo o facía en silencio, coa vista fixa no esquife de banco móbil que lle comprara o seu pai seis meses atrás. Xa comezaba a acumular po e aínda non sabía por que lle mercara aquel aparello flotante. A cor branca de neve era preciosa, o banco de madeira pulida aínda cheiraba ao verniz, a forma hidrodinámica coa que fender o mar, unha delicia. Tiña que recoñecer que era unha obra fermosa e delicada, todo un detalle por parte do vello.

Mais o vello agora non estaba, coma sempre. Era igual ca unha pantasma que aparecía e desaparecía dependendo das rutas do buque mercante que tripulaba a miles de millas, moi lonxe do mar que o bañara a el de pequeno e que enchía de verde a costa de Aferróns, o seu mar. A última vez que acompañara a Luís Portela ao outro lado da ría, ao peirao de Prácticos, para que o levasen a un cargueiro máis aló das illas, collera o barco de pasaxe no peirao da Auga. O pestilente transporte sempre ulía a ouriños e a fume de gasóleo. Era unha máquina vella e gastada, que sempre ía ateigada; porén, no verán aínda era soportable porque podía sentar na cuberta, ulir o mar e o salitre e ver as ondas calmas

traspasar a liña de bateas diseminadas pola ría. Aquel día tamén foi o derradeiro que viu de preto fondeado o *Mónica María*. Ese mesmo petroleiro laranxa e negro que pasara a formar parte da paisaxe mariña polo tempo que levaba no mesmo lugar. Seica estaba á espera de xuízo. Como non, naqueles días, por tráfico de drogas. O puto *cabalo*. O seu *cabalo*. Incluso no medio do mar, ao pasar a súa mastodóntica popa, o puto *cabalo* ollaba para el, en forma de ferraxe de miles de toneladas, de letras brancas e bandeira indefinida. “Aquí estou, xamais marcharei”, semellaba berrar. Lembrou aquel detalle e notou unha picadura no interior do cóbado, xusto onde a vea inchaba máis. Seguía matinando e todo levaba ao mesmo punto, á mesma xiringa, ao mesmo lugar do seu corpo en descomposición.

Baixara ao garaxe coma sempre, para nada en concreto, só por ver o esquife, e producírase toda a concatenación de parámetros: barco-*skiff*-Luís-mar-*Mónica María*-*cabalo*. Que tería que ver unha cousa coa outra? Nada. Nunca tiñan nada que ver os primeiros pensamentos co corolario. Estaba claro que a súa mente enferma facía que todo confluíse no *cabalo*, no *pico*, na éxtase, na luz interior, no sentimento de deriva. Tentou ver outra vez o petroleiro, a cara do vello, sempre vaidoso, tanto tiña o que fixese, o fume negro e voante, o ceo claro e alto, o mar calmo e mesmo algún arroaz bufando na eslora branca. Mais o camiño xa estaba feito. Pechou os ollos e non foi quen de reter nin unha imaxe, nin un fotograma. Todo ocorría á velocidade tola e enferma do mono. E de novo comezaba o proceso.

Sempre lle sucedía, sobre todo dende que probara aquilo que lle pasara o Marqués. E xa transcorreran quince días. Non pensaba que o mono fose tan psicolóxico. Lembra tan nítida aquela sensación... Desexaba tanto sentila de novo... Sería doado conseguir un pouco máis. O Marqués sempre estaba no paseo, con ese aire de resaca que facía que ninguén sospeitase nada. Era a persoa que necesitaba. Só tiña que coller as trescentas pesetas que bailaban no peto e mercar un chisco. Dende o fondo do seu cerebro algo ou alguén lle dicía que non o fixe-

se. Coñecía aquela voz. Era a voz de Rodrigo Portela berrando dende facía dous anos e medio. Xusto no día en que ondeou a súa derradeira bandeira de traíñas.

Aquel día de agosto o peirao fervía de xente. Fora unha temporada igualada, quente coma ningunha, onde o seu labor como patrón fora máis que recoñecido. As forzas estaban tan equiparadas entre eles, a S. D. Aferróns e os contrarios da vila veciña, a S. D. Vilabela, que o talento e a pericia mariñeira cobraban unha importancia inusitada. E aguantou a presión en cada regata, en cada ceavoga, en cada berro que saía da súa gorxa e que botaba ao vento e era recollido por cada compoñente da tripulación da *Gaivota*. Oía berrar aquela vila e medraba no seu furor. Non notaba a presión como algo negativo, ben ao contrario, sentía que o sangue lle subía dende o corazón a todos os membros, nun momento de silencio cerebral e frío, nun transo que elevaba o grao de concentración e provocaba unha análise da situación precisa e instintiva. E o seu instinto nunca fallaba. Debía virlle dun pasado excelso no mar da ría, dalgún familiar que antano se manexara con soltura, capaz de ver o vento, a marea, o mar de fondo; e, ao mesmo tempo, controlar o resto das embarcacións, o chíó das gaivotas, a forza do sol nas costas, o estado dos remeiros, a frecuencia das padas. E chegaba a sentir como a traíña esvaraba pola auga, e partíaa como un coitelo unha peza de seda.

Todo saíu como nos seus soños: a traíña voou sobre a auga, as ceavogas foron perfectas, o ritmo exacto como o dun metrónomo. E gañaron. Cando no balandro recolleu a bandeira de campións, ouviu o bramido do público do peirao e as bucinas dos barcos, tolas de ledicia. Notou que estaba tocando teito, que aquel era o momento culminante da súa curta vida. Tiña tan só dezasete anos e pesaba cincuenta e seis quilos. Contaba con todo o favor da súa xente e o público. Posuía tan pouca bagaxe na vida que aquel xute de enerxía narcotizou o seu cerebro, e marcou ese recordo da adolescencia dun xeito tan intenso que o buscaría, se fixese falla, por toda a eternidade, para repetilo sempre. E ese recordo, sen poder evitalo, sempre confluía co outro, co negativo, co que provocara que a súa existencia collese un camiño que explicaba de maneira arreesada unha nova realidade.

Ao día seguinte de proclamarse campións fixeron un adestramento de despedida, un par de longos tendidos, para pechar a campaña e saudar a xente do mar. Era unha mañá de luns festivo: perfecta e transparente. Unha vella embarcación a motor, un vello mariñeiro xubilado, un achegamento imprudente, unha man entre a traíña e o bote, dous ósos rotos, unha dor terrible. O coche do adestrador correu coma nunca, atravesou a ría pola ponte atirantada, o pano vermello agarrado á fiestra do coche en sinal de emerxencia, a bucina apartando os vehículos, a dor medrando. Cando chegaron ao hospital, ninguén o atendeu. Os médicos e todo o persoal estaban en folga. O nunca visto. E, precisamente, ese día rompeu a man en anacos anacos que se movían dentro dos músculos. Improvisaron unha vendaxe rudimentaria e administraron inxentes cantidades de calmantes. Tres días despois, coa folga rematada e sen durmir nin un só minuto por causa da dor, un médico díxolle que había que facer. Explicoulle algo sobre a cicatrización, as posibles enfermidades derivadas, a coagulación do sangue, a xenética intransixente... para rematar dicíndolle que había que amputar dous dedos, á altura das dúas últimas falanxes. E a Rodrigo non lle afectou, non lle fixo dano, naquel momento non matinou en que o seu día a día cambiaría. Non. Pensou que como patrón de traíña a súa carreira rematara. E así foi, o seu instinto funcionaba daquela. A man xa non apertaría con tanta forza o remo patrón, a guía da nave, a chave da ceavoga, o momento máis técnico e importante da regata. A constatación daquel pensamento automático xa non foi demasiado reveladora. Era algo que se sabía con meses de antelación.

Notaba as tres moedas de cen pesetas no peto. Os membros amputados facíanas soar, tintinando, nerviosas. Era un xesto habitual. Imaxinaba que aínda tiña todas as falanxes, e de paso escondía a man tolleita no peto. Todos os recordos negros do mar fixéranlle anhelar aínda máis a visita ao Marqués. Botou unha derradeira ollada ao esquife, apagou a luz do garaxe e pechou a porta amodo. Cando pisou a beirarrúa da estrada do Inferniño, a calor pegoulle ben forte mais seguía con frío. Subiu a cremalleira ata arriba da chaqueta do chándal verde e azul do club e comezou a camiñar cara ao seu destino. Naquel momento, o

Marqués era un lugar, non unha persoa. Tocaba andar máis dun quilómetro ata chegar ao seu carón, recoller o paquetiño e fuxir á beira do río dos Mortos, baixo os plátanos podres, para facer que todas aquelas luces do verán pasado, xunto con todas aquelas sombras tenebrosas que lle axexaban a punta dos dedos, se apagasen e os pensamentos tolos da súa cabeza acougasen, recobrasen a calma. Desexaba ese resplandor. Só iso. As rúas estaban desertas e o silencio era total, unha sorte de tregua, neses intres en que é cedo para a praia pero tarde para a comida. Camiñou polas costas do Real, o seu barrio en Aferróns, como unha sombra silenciosa, como unha pantasma. E así se sentía, como a súa propia pantasma. Tanto tiña. A voz de Rodrigo Portela xa non era audible. Agora falaba o mono, o medo a non calalo, a présa por chegar, o tintinar das moedas no peto. Demasiadas cousas, demasiados puntos en que fixar a atención. Baixou a costa de Caiagua, coa vista fixa no mar índigo. Ao fondo víase a praia con media marea, coa xente chegando aos poucos polos carreiros que saían da estrada xeral. Xa non recordaba o tacto da area nos pés. Tres anos antes, aquel verán fora o derradeiro en que o seu corpo, enteiro, se bañara no frío Atlántico. Dende aquela todo se converteu nun can cheo de dor e impotencia, que buscaba ao mesmo tempo a luz nesa tenebrosa escuridade en que se transformara a súa existencia.

Polo aterrado, tentou arrimarse ás árbores para que o sol non lle queimase o pelo negro e longo, porcalheiro e macilento. Os pés levantaban po na terra prensada do carreiro preto do mar. No parque infantil, a manchea de ferranchos pintados con minio brillaban ao sol, incólumes. Era algo que lle enchía a alma de tristura, nunha mostra física dun sentimento nidio. O mesmo que quería expulsar do seu corpo. As moedas de cen pesetas batían no peto e compasaban os seus pasos. Unha brisa quente chegaba do mar. Era o suroeste que acompañaba a preamar, que viña forte pola lúa, e que faría que as pequenas ondas chegasen ao alto das rochas que delimitaban e protexían o paseo. Un vello extenuado sentaba nun dos bancos baixo un salgueiro chorón. Semellaban irmáns de idade. De súpeto pensou: “Non chegarás onda el”. Cando pasou ao seu carón, admirou o seu porte distinguido, a

pel morena de anos de mar, os ollos operados de cataratas baixo unhas inmensas lentes de cristais grosos e escuros. Aqueles ollos miraran máis mar do que el en cen anos e aquelas mans, con todas as súas falanxes, agarraran máis cabos e tiraran por máis toneladas de aparellos que calquera remeiro san en tres vidas. Pensou nesas mans de maneira instintiva.

E do mesmo xeito matinou no seu pai e no esquife do garaxe. Que querería conseguir o vello gastando os cartos naquel aparello fantástico? Estaba ben claro que non entendía nada. Que incluso non o vía. Que estaba a galaxias de distancia da súa realidade. Non sabía sequera que significaba aquela frase do doutor: “É obvio que a capacidade prénsil diminuíu”. E logo, o vello non caía na conta de que non podía vogar? Non podía coller coa suficiente forza o remo, xa non só para dirixir e deixarse guiar polo seu instinto, senón para vogar sequera nun batel. Os tres dedos hábiles da súa man útil, a dereita, xa non podían resistir a potencia de todo un corpo concentrado e firme. Mesmo fixera probas na máquina de remo. E botara os fígados no intento, pensando mover os mesmos vatios. Mais a máquina teimuda amosaba datos moi inferiores aos que producira antes do incidente. “O incidente”, así soaba no seu maxín. Non había nada que facer. Entón, que significaba aquel magnífico esquife?, volvía cuestionarse en bucle. Quizais era que aquel aparello o movería a facer algo máis na súa vida que deixar pasar as horas devecendo un pasado que se lle facía glorioso e que o torturaba porque era moi consciente de que xa non gozaría del? Se cadra. Cando a nai, Luisa Pérez, dixo que o que pretendían con aquilo era que “saíse da merda”, como dicían as vellas da vila, Rodrigo non puido evitar soltar un “ha!” burlesco, irónico, que desprendía noxo e irrealidade. A nai soltoulle unha lapada que non sentiu ata pasados uns segundos. Chamoulle desagradecido, egoísta, lacazán. Non lle chamou fillo de puta porque a súa educación antediluviana non llo permitía. A ben sabida weltanschauung cristiá. Gustaríalle que a nai se cagase en Deus, ou que cuspise. O resto dos irmáns non estaban na cociña nese momento. Mellor. Así non verían como o sangue escorregaba pola boca ata chegar ao queixo e formar unha grossa pinga. Ergueuse e marchou para o garaxe. Esa tola todo o

arranxaba do mesmo xeito. E sempre lle caía a el unha boa malleira. De toda a vida. Outra máis que non se decataba de nada.

Bateu na cabeza e veu de novo o mar. Non tiña a mente clara, todo se volvía na súa contra. Necesitaba un pensamento positivo e non era quen de sacalo de maneira natural. Levaba demasiado tempo sen conseguilo. Xa loitaba con iso, con ese negro firmamento dende aquel verán. E sen esperanza todo era dunha escuridade absoluta. A ansiedade xa lle daba a man, paseando con el, tranquila, como unha loura rapaza despreocupada. E a man estaba chea de dedos. E mirábao con desenfado, pero apertándolle os membros ata facer que pingase sangue negro. E el fitábaa pero era incapaz de retirar esa man tolleita, darlle un empurrón e botala ao mar. O camiño xa se lle facía demasiado longo, as pernas movíanse ao seu antollo. Os pulmóns realizaban o seu traballo, mais o conxunto era como un coche vello e parado durante décadas. Arrastrábase por inercia. Un dos principios da termodinámica. O instituto, aqueles tempos eran fuxidíos. Movíase porque se supoñía que era o que tiña que facer... e porque desexaba aquel brillo iluminando as súas veas como o sedento a auga. Auga, sempre auga. No mar e na boca. Na chuvia ou alumeando a súa fronte.

Pasou o derradeiro parque infantil do paseo marítimo e chegou tremendo ao sol da rúa do cine. Había anos que non ía. Non lle interesaba. E menos agora. Sorprendeuse de que o frío aínda lle correse polo pescozo. Subiu máis a cremalleira do chándal fervente. Non sentiu diferenza. Buliu. Xa non quedaba nada. O son das voces da xente na praia medraba e coábaselle polos intersticios do cerebro. Cando cruzou a rúa notou o cheiro a viño e borrachos do bar do Chindo. Os golpes do dominó na mesa, os berros e as risas de burla. Todo o mundo estaba mergullado nas súas preocupacións. E el tiña as súas. E considerábaas tan lícitas como as de calquera. Un pouco máis de veneno. Ese veneno que lle daba a vida e que lla quitaba. Ben o sabía. Pero estaba disposto a pagar ese prezo. Na balanza, entre morrer de pena ou morrer de luz, escollía a segunda. Así o vía e niso pensaba cando albiscou a viseira do Marqués ao lonxe, sentado na caixa de cervexas Skol, na Xunqueira, á sombra dos xuncos, agochado para todos pero á vista de quen o buscasse. Era un xenio. Envexou a súa postura. Os

seres semellantes a el achegábanse á súa vontade coma se fose un mesías. Dábanlle cartos, dábanlle as grazas, era intocable. Apenas falaba, e iso era a súa maior virtude. Porque canto menos se souberse del, mellor lle iría. Non se lle coñecía un altercado con ninguén, nin un arresto policial, nin unha noite durmindo na rúa. Tiña unha aura que transmitía que pasaría por aqueles anos furibundos non só indemne, senón mellor.

A escena que topou cando puxo o pé na area de fragua da praia era a habitual: o Marqués sentado nun claro da foresta, dúas persoas facendo cola e outra falando con el mentres este asentía. Rematou a alma que tremía despois de darlle a papelina na man dereita e recoller os cartos na esquerda. As que esperaban pola vez eran veciñas do Real. Lembrou fugazmente algo delas no colexio, cando eran pequenos. Gardaban as distancias, non viñeran xuntas, e dalgún xeito parecíanse a el. Tiñan que agardar a quenda, recoller a dose e marchar. Carme e Brétema. Unha morena e outra loura. Fracas e con frío, coma el. Cheas de ansia, coma el. Cando lle tocou á seguinte, adiantouse Carme. A roda volvía xirar, logo sería a súa quenda. Buscou os cartos no peto para asegurarse por millonésima vez de que as trescentas pesetas estaban no seu sitio. A escuridade era máis intensa que nunca, e o frío máis duro no seu corpo. Xusto o que sucedía antes do amencer, onde o instante máis negro é o máis próximo á alba.